

QUERIDA MORTE

Non se prepara un leito para as bágoas como se fose un hóspede fugaz.

René Char

Querida morte, fixemos xuntas toda a viaxe, fuches unha pasaxeira discreta todo o traxecto. De poñer o empeño necesario, ocasións tiveches de tomar a iniciativa e dar fin ao percorrido moito antes, nembargantes optaches por un retraemento coherente co que representabas, querías ser ante todo unha lección moral.

Evidentemente, a esta conclusión non tería chegado aos trinta, nin aos corenta, nin aos cincuenta... Entón o máis probábel é que quixera fuxir, é un rasgo distintivo da vida cando está no máximo esplendor, a serche sincera aínda teño os pés pegados á vida, mais á miña idade non penso escapar. Non che vou axudar, mais tampouco che vou poñer trabas inútiles, ireime tranquila, o meu tempo de servizo único e incondicional está cumprido, podo asegurarche que loitei con todas as miñas forzas por ser feliz.

Estou disposta a acompañarte. Só che pido que te reveles de súpeto, que non lle deas voltas, nin engadas dores innecesarias, necesitamos construír entre as dúas un equilibrio que non fracture de todo a forte vinculación cos que amo e me aman. Cando veñas trae contigo o consolo.

Axúdame a que entendan este poema de amor que lles escribo dende unha rexión intensa e diferente chamada eternidade.